

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE NIGRÁN

D. José Cuevas Raposo, con D.N.I. , veciño de Nigrán, na , e responsable de acción institucional do grupo local de **Esquerda Unida** en Nigrán, de conformidade co disposto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte solicitude ao obxecto de ser incluída na orde do día do seguinte Pleno ordinario e debatida no mesmo, así como que se requira, de acordo co 231.3 do citado regulamento, a miña presenza na sesión que corresponda, aos efectos de explicala e defendela por min mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 DE Novembro de 1992 asinouose entre o Concello de Nigrán e SERAGUA, S.A. e FOMENTO DECONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. Unión Temporal de Empresas o contrato da concesión da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán, facéndose en constar en dito contrato que o concesionario fíxose cargo do servizo o 1 de Outubro de 1992.

A duración do contrato é de 25 anos a partir do comezo do mesmo, co que finalizaría o 30 de setembro de 2017, se ben é prorrogable por períodos de 5 anos.

Na cláusula 26ª. 3 do contrato sinalase que “Durante os TRES ÚLTIMOS ANOS da vida do contrato o Concello fiscaliza especialmente o mantemento e conservación da infraestrutura do servizo, esixindo as correspondentes reparacións, ao obxecto de mantela mesma no mellor estado até a finalización da concesión.

O día 13 de novembro de 2014 publicouse unha nova na que se indicaba que o Concello de Nigrán desaconsellaba beber auga no Porto do Molle. Anuncio que resulta lamentable que non estea publicado na páxina web do concello de Nigrán. Por outra parte na cláusula 77a. 2 indicase que “Polo concesionario deberanse comunicar ao Concello coa periodicidade que este determine, os resultados das análises efectuadas da auga subministrada á poboación”.

MOCIÓN

Primeira.- O pleno do Concello de Nigrán insta ao Goberno Municipal a que publique na páxina web do concello de Nigrán as recomendacións do concello respecto ao consumo de auga potable e as medidas de fiscalización que está a adoptar en virtude da cláusula 26.3 do contrato de abastecemento de auga.

Segunda.- O pleno do Concello de Nigrán insta ao Goberno Municipal a que publique na páxina web do concello de Nigrán os resultados das análises efectuadas da auga subministrada á poboación.

Terceira.- O pleno do Concello de Nigrán insta ao Goberno Municipal a que cree un observatorio de seguimento do cumprimento dos pregos de condicións dos contratos públicos que rexen no concello de Nigrán coas se rexerá polos seguintes principios:

- Participarán en dito observatorio grupos municipais, as seccións sindicais do concello, os comités de empresa das grandes concesionarias públicas, das asociacións veciñais e asociacións de consumidores.
- A participación en dito observatorio non dará lugar a ningún tipo de indemnización nin dieta pola asistencia s reunións.
- As reunións de dito observatorio terán un carácter trimestral.
- Os traballos de dito observatorio empezarán polas concesionarias de abastecemento de auga e recollida e lixo.

Nigrán, a 13 de novembro de 2012

Asdo. José Cuevas Raposo
Responsable de acción institucional do grupo local de Esquerda Unida en Nigrán